

PLAN DE CONTINXENCIA ESCOLA UNIVERSITARIA ENFERMARÍA A CORUÑA **CURSO ACADÉMICO 2020-2021**

O plan de continxencia da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, establece as medidas que desenvolverá o Centro para dar resposta ás necesidades da comunidade educativa, no caso de que sexa necesario proceder a suspensión da actividade docente presencial a consecuencia da evolución da pandemia do covid-19 .

A Dirección será a encargada de comunicar de forma inmediata a toda a comunidade a suspensión das actividades presenciais ou o peche das instalacións, se fose necesario. A comunicación realizarase a través da páxina web do Centro, do correo electrónico e das ferramentas institucionais dispoñibles.

As actividades docentes continuarán de xeito non presencial utilizando as metodoloxías e ferramentas (Teams, Moodle,...) que se contemplan nos plans de continxencia de cada guía docente das materia do plan de estudos. O profesorado deberá facilitar os materiais necesarios e para a aprendizaxe do alumnado a través da plataforma Moodle.

De suspenderse a actividade docente presencial, os coordinadores docentes de cada curso serán os responsables de canalizar as dificultades e demandas do alumnado e profesorado, coa finalidade de establecer unha rede de comunicación mais directa cos responsables da xestión docente para mellorar e axilizar a resposta no desenvolvemento das medidas a adoptar.

O Centro, en función da evolución da pandemia na súa comunidade educativa, realizará as modificacións que considere oportunas na modalidade das actividades docentes. Toda a comunidade educativa terá que asumir a flexibilidade como una característica do desenvolvemento deste curso académico.

O profesorado deberá garantir a continuidade da formación para a/o estudante que teña que permanecer no seu domicilio por estar en corentena ou a padecer a enfermidade.

A/o docente que estea en corentena durante ese período, realizará a súa actividade docente segundo o plan de continxencia establecido na guía docente.

Se algún docente se vise obrigado a introducir cambios nos horarios ou nas titorías, deberá comunicalo a Secretaria académica do Centro á maior brevidade posible, para valorar a súa viabilidade. No caso de que o cambio se realizase, o docente deberá comunicar o cambio ao alumnado través da plataforma Moodle.



O Título de Grao en Enfermería habilita para o exercicio dunha profesión regulada, e como tal, ten establecido uns requisitos mínimos de formación que inclúen un número mínimo de horas de practicas clínicas, que o estudante debe realizar para conseguir a titulación. Debido a esta característica non é posible establecer outra metodoloxía no plan de continxencia para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe práctico-clínico.

O persoal de administración e servizos para garantir o funcionamento de todas as xestións administrativas, desenvolverá a súa actividade de forma telemática a través das ferramentas institucionais.

No caso de que algún/ha estudante ou docente precisase un ordenador portátil, deberá solicitalo á Dirección do Centro nos seguintes enderezos electrónicos :

escola.universitaria.enfermeria@udc.es; dirección.eueenfermariaac@udc.es